



Paxaros e pluma

Fotos de Álvaro Rodríguez Pomares e textos de Xoán Santamaría Cameán

Cuco común (*Cuculus canorus*)

"O CUCO E OS OURIZOS"

O cuco é unha das aves míticas da que se contan moitas historias populares. Coñecida é a súa sona de folgazán; pon o ovo en niño alleo! Pero nas terras da Barbanza, hai unha historia moi fermosa sobre o cuco como portador dunha boa nova da natureza e para a natureza.

Trátase dun simple refrán que se transmitiu por tradición oral e fixose norma de lei non escrita pero de obrigado cumprimento e cumpriase:

*"Xa o cuco está a cucar,
deixa os ourisos desovar"*

Con outras moitas variantes:

"Ourisos non has comer se o cuco cuco ser";

*"O tempo dos ourisos rematou
porque o cuco xa os cucou";*

"Ourisos non has apañar, o cuco anda a cucar"

"Ourisos non comas meniña, o cuco canta na viña"

Entón: os ourizos quedaban vedados.

O cucar do cuco: supoñía a entrada en vigor da lei,
que por certo, coma toda lei,
tiña a súa parte coercitiva:

*"Os ourisos cucados poden dar dores de barriga,
calafríos e mesmo, forriquetes a quen os coma!"*

Que harmonía, que forma máis natural de coidar,
respetar e amar a natureza!

Mágoa, esta tradición perdeuse!!

Ourizos esquilados, a crialos en acuicultura

*"Canta cuco, canta cuco, que xa cantou a bubela,
cantan os bechiños todos, no tempo da primavera!"*

__NB: Transcribense os refráns na fala propia da
zona, con seseo.





Paxaros e pluma

Fotos de Álvaro Rodríguez Pomares e textos de Xoán Santamaría Cameán





Paxaros e pluma

Fotos de Álvaro Rodríguez Pomares e textos de Xoán Santamaria Cameán

